

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)


Viaxeiros

03/10/2022

16:30 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. Nos autocares de servizos regulares interurbanos de uso xeral:

- a) permitirase en todo caso o acceso gratuíto de cans guía.
- b) permitirase o acceso de cans guía, percibindo un suplemento do 5% sobre o importe do billete normal.
- c) permitirase o acceso gratuíto de cans guía, sempre que non se opoña ningún dos viaxeiros.
- d) permitirase o acceso de cans guía, sempre que non se opoña ningún dos viaxeiros, percibindo un suplemento do 5% sobre o importe do billete normal.

2. A deriva do pneumático dun autobús, de que depende?

- a) Da forza termotecnia lateral.
- b) Da anchura da lamia.
- c) Da forza de molaridade.
- d) Da forza atemporal.

3. Cada vez que se realiza un cambio durante a subida dunha pendente, existe un instante no que o autobús perde potencia. En que se traducen estas perdas de potencia?

- a) Nunha diminución da temperatura.
- b) Nunha redución de velocidade.
- c) Nun aumento de velocidade.
- d) Esta acción non ten ningún tipo de consecuencia.

4. Cal é o número mínimo de socios dunha sociedade de responsabilidade limitada?

- a) Un.
- b) Tres.
- c) Cinco.
- d) Depende do importe do capital social.

5. O estado dos amortiguadores dun vehículo:

- a) inflúe na súa seguridade e na comodidade dos pasaxeiros.
- b) non inflúe na súa seguridade nin na comodidade dos pasaxeiros.
- c) inflúe na comodidade dos pasaxeiros, pero non na seguridade.
- d) inflúe na súa seguridade, pero non na comodidade dos pasaxeiros.

6. Un vehículo que efectúa un servizo de transporte de viaxeiros efectúa "encargos" cando...

- a) as condicións concretas do servizo son decididas polos usuarios durante o seu desenvolvemento.
- b) executa simultaneamente varios contratos de transporte de viaxeiros.
- c) obrígase a transportar calquera viaxeiro que lle sexa indicado polo contratista do transporte, incluso unha vez iniciado o servizo.
- d) obrígase a transportar no vehículo obxectos que non teñan relación algunha con ningún dos viaxeiros.

7. Que entende a normativa como equipaxe?

- a) O conxunto de obxectos, cun peso máximo total de 50 kg, que acompañen ao viaxeiro durante a viaxe a bordo da adegas do vehículo.
- b) O conxunto de obxectos que acompañen ao viaxeiro durante a viaxe a bordo da adegas do vehículo.
- c) O conxunto de obxectos que o viaxeiro indica que quere que sexan trasladados, simultaneamente, ata o seu punto de destino, sexa cal sexa o medio utilizado.
- d) Os vultos que son designados como equipaxe no contrato, sempre que se fagan constar por escrito nel.

8. Que prazo de duración teñen as autorizacións de transporte público de viaxeiros por estrada?

- a) 50 anos.
- b) 2 anos.
- c) 10 anos.
- d) Non teñen prazo de duración prefixado.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. En que parte do autocar viaxan os vultos de man dos viaxeiros?

- a) Na adega.
- b) Na baca.
- c) No habitáculo dos viaxeiros.
- d) No remolque.

10. Os vehículos dedicados ao transporte escolar non poderán superar, ao comezo do curso escolar, a antigüidade de:

- a) 16 anos.
- b) 15 anos.
- c) 8 anos.
- d) 5 anos.

11. O acompañante dun transporte escolar:

- a) debe axudar a todos os nenos a subir e baixar do autobús.
- b) debe axudar a todos os nenos, menores de oito anos, a subir e baixar do autobús.
- c) debe axudar a todos os nenos que teñan dificultades de mobilidade a subir e baixar do autobús.
- d) non está obrigado a axudar a baixar e subir do autobús a ningún neno; todos deben ser capaces de facelo por si mesmos.

12. As mulleres ocupadas no sector do transporte en España representan en torno ao:

- a) 5% do total do sector.
- b) 15% do total do sector.
- c) 25% do total do sector.
- d) 35% do total do sector.

13. Que se produce cando a velocidade angular ou de xiro da roda non coincide coa velocidade lineal do autobús?

- a) O deslizamento.
- b) A deriva.
- c) A atracción terrestre.
- d) A forza submotriz.

14. Os preceptos da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria

- a) non son aplicables ás vías urbanas.
- b) son aplicables ás vías privadas subtraídas ao uso público.
- c) non son aplicables ás autoestradas de peaxe.
- d) son aplicables ás vías interurbanas.

15. Nun autobús adaptado a usuarios con mobilidade reducida e dotado de sistema de inclinación:

- a) o movemento de descenso do vehículo debe poder deterse inmediatamente.
- b) o movemento de descenso do vehículo debe poder deterse e invertirse inmediatamente.
- c) o movemento de descenso do vehículo debe poder deterse nun máximo de 30 segundos.
- d) o movemento de descenso do vehículo debe poder deterse e invertirse nun máximo de 30 segundos.

16. Cando non exista vía ou parte dela que lles estea especialmente destinada, a que vehículos estalles permitido circular pola beiravía transitable?

- a) Aos vehículos especiais de MMA superior a 3.500 kg.
- b) A vehículos de máis de 9 prazas.
- c) Aos vehículos para persoas con mobilidade reducida.
- d) Ningún vehículo pode circular pola beiravía.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. Que son os pares das rodas e pares de inercia?

- a) Unhas forzas de gravitación que interveñen no autobús.
- b) Unhas forzas que interveñen no autobús.
- c) Unhas forzas que non interveñen en ningún vehículo.
- d) Unhas forzas de aceleración que interveñen no autobús.

18. O capital social dunha sociedade anónima non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000 euros.
- b) 40.000 euros.
- c) 50.000 euros.
- d) 60.000 euros.

19. Que tipo de dificultades experimentan, sobre todo, no transporte en autobús as persoas con limitacións auditivas?

- a) Dificultades para salvar desniveis.
- b) Dificultades de manobra.
- c) Dificultades de obtención de información sonora.
- d) Dificultades de orientación.

20. Durante a realización dunha parada nun transporte escolar:

- a) vixiarase que os menores descendan en orde en cada parada e partiremos sen máis coidados.
- b) se non acudiu a persoa encargada de recoller a algún menor, deixarallo a cargo dos seus compañeiros.
- c) se non acudiu a persoa encargada de recoller a algún menor, deixarallo a cargo dalgunha persoa maior de idade que se atope na zona e acepte ocuparse del.
- d) non se deixará sós aos menores se non se atopa presente a persoa encargada de recollelos.

21. Respecto dos pneumáticos dun autobús, como se pode describir o fenómeno da histéresis?

- a) O mecanismo de seguridade polo que se aumenta a presión dos pneumáticos.
- b) O mecanismo psíquico polo que o condutor supera o nivel máximo de tensión.
- c) O mecanismo físico polo que o pneumático desenvolve a súa adherencia.
- d) O mecanismo físico polo que o movemento do vehículo interrompese.

22. As glorietas son un tipo especial de:

- a) interseccións.
- b) medianas.
- c) carrís.
- d) beiravías.

23. O transporte escolar e o de traballadores, de que tipo de servizo son modalidades?

- a) Dos servizos discrecionais.
- b) Estas modalidades de servizos non existen.
- c) Do servizo regular de uso especial.
- d) Do servizo regular de uso xeral.

24. Cal dos seguintes efectos é típico dunha sobrecarga no eixo traseiro do autobús?

- a) O desgaste normal da banda de rodadura dos pneumáticos.
- b) Os esforzos excesivos para a suspensión traseira.
- c) A falta de apoio no eixo traseiro.
- d) A dureza na dirección do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. Nunha empresa de transporte de viaxeiros, cales son as funcións dun director xeral ou xerente?

- a) Planificación, dirección e coordinación.
- b) Negociación e representación da empresa.
- c) Adoptar as decisións estratéxicas.
- d) Todas as respostas son correctas.

26. Que vantaxes ten reducir a velocidade media de circulación?

- a) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- b) Non ter que comprobar a presión de inflado dos pneumáticos salvo en caso de picada.
- c) Menor consumo de carburante.
- d) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.

27. A sanción por non cumprir os tempos de descanso obrigatorios esixidos a un condutor conleva perda de puntos no permiso de conducir?

- a) Si, cando a minoración é superior ao 50 %.
- b) Si, cando a minoración é superior ao 40 %.
- c) Si, cando a minoración é superior ao 25 %.
- d) Non, só imponse unha sanción económica.

28. Despois de ter un período de vacacións, que debe levar a bordo do vehículo o condutor?

- a) Un certificado de actividades para poder xustificar as actividades dos últimos 28 días.
- b) Un certificado de actividades para poder xustificar as actividades dos últimos 3 meses.
- c) Un xustificante da empresa que indique as datas.
- d) Un xustificante da xefatura de tráfico.

29. Para facer uso do freo motor:

- a) débese poñer a panca do cambio en punto morto.
- b) débese apagar o motor.
- c) débese seleccionar unha relación de marchas máis curta.
- d) débese seleccionar unha relación de marchas máis longa.

30. É unha norma de uso dos extintores:

- a) Comprobar, antes de utilizalo, que o axente extintor é adecuado ao tipo de lume.
- b) Utilizalo rapidamente sen comprobar nada, pois calquera extintor é útil nun incendio.
- c) Colocarse de cara ao vento cando se vaia a utilizar.
- d) As respostas B e C son correctas.

31. Que comportamento é aconsellable para os condutores?

- a) O uso do vehículo para traballar co ordenador.
- b) O uso do vehículo como lugar de descanso.
- c) O uso do vehículo para encher papeis.
- d) A realización de exercicio físico fora do traballo de forma regular.

32. As características básicas dun servizo de transporte comprenden elementos como:

- a) a puntualidade.
- b) a comodidade.
- c) a limpeza.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Cando se fala do ABS, ESP ou BAS estase a facer referencia a elementos:

- a) electrónicos que aumentan a seguridade activa do vehículo.
- b) mecánicos que aumentan a seguridade pasiva do vehículo.
- c) mecánicos imprescindibles na construción dun motor.
- d) que reducen o consumo de carburante.

34. Cal é un factor que non produce fatiga?

- a) Circunstancias do tráfico.
- b) Prolongación de xornadas.
- c) Traballo a contrarreloxo e urxencia do servizo.
- d) Redución de xornadas.

35. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, os danos sufridos polos bens dos que sexan titulares os parentes en terceiro grao do condutor do vehículo asegurado, atópanse cubertos polo seguro?

- a) Si, en todos os casos.
- b) Si, sempre que non se atopen no vehículo no momento do accidente.
- c) Si, salvo que se trate de irmáns, pais ou fillos en cuxo caso non estarán cubertos.
- d) Non, en ningún caso.

36. Está considerado como manipulación do tacógrafo a instalación de elementos externos que fagan rexistrar descanso cando a actividade realizada é condución?

- a) Si, sempre.
- b) Non, nunca.
- c) Si, pero só para vehículos nacionais.
- d) Si, pero só para vehículos de países terceiros.

37. Cal é unha medida de aforro de carburante equivocada?

- a) Manter a agulla do contarrevolucións do motor na zona marcada, xeralmente, de cor verde.
- b) Comprobar frecuentemente que a presión de inflado dos pneumáticos é a recomendada polo fabricante.
- c) Circular cunha presión de inflado inferior á recomendada polo fabricante do vehículo.
- d) Observar de lonxe para anticiparse ás condicións do tráfico.

38. Cando un motor atópase a ralentí, o par motor...

- a) será máximo.
- b) será mínimo.
- c) sera nulo.
- d) terá valor cero.

39. Cal é o accidente de traballo máis habitual no sector do transporte por estrada?

- a) Sobreesforzos.
- b) Levantamento de pesos excesivos.
- c) Manipulación inadecuada da carga.
- d) Sobrecarga da maquinaria coa que efectúa a manipulación.

40. Circular cun pneumático coa presión de inflado inferior á recomendada polo fabricante fai que aumente o consumo de carburante porque...

- a) o traballo de flexión dos pneumáticos é menor.
- b) o traballo de flexión dos pneumáticos é maior.
- c) diminúe a fricción no rodamento da roda.
- d) a resistencia aerodinámica da roda diminúe.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. Como se pode desfacer a posible escarcha acumulada nos vidros do vehículo?

- a) Con zumes naturais.
- b) Con tónica.
- c) Con alcol
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

42. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O consumo específico.
- b) A potencia.
- c) O tipo de freos que monte: disco ou tambor.
- d) O par motor máximo.

43. A somnolencia habitual nun condutor, con que trastornos adóitase relacionar?

- a) Fatiga.
- b) Os chamados trastornos do soño.
- c) Tensión.
- d) Inxesta de alcol.

44. Con que interlocutores internos relaciónase un condutor dunha empresa grande?

- a) Co xefe de tráfico.
- b) Co persoal do taller.
- c) Co persoal de administración.
- d) Todas as respostas son correctas.

45. É obrigatorio o uso do aparello de control en todos os estados membros da Unión europea?

- a) Só nos 12 primeiros.
- b) Só nos 18 máis antigos.
- c) En todos os estados membros.
- d) En todos excepto Romanía e Bulgaria.

46. Para conseguir aforro de enerxía:

- a) a relación de arranque debe permitir unha saída suave e case sen acelerar.
- b) circular por pendentes non é recomendable saltarse velocidades.
- c) débese aumentar a enerxía potencial.
- d) debe mellorar a adherencia e a dirección.

47. Que obrigacións de prevención de riscos laborais ten o traballador?

- a) Evitar riscos evitables.
- b) Utilizar os equipos de protección.
- c) Formar e informar.
- d) Adoptar medidas de protección.

48. Os transportistas deben transmitir ás autoridades os datos persoais dos pasaxeiros no caso de rutas procedentes de fóra do Espazo Schengen?

- a) Si, están obrigados a comunicalos.
- b) Non, só se teñen antecedentes penais.
- c) Non, teñen que protexer os datos dos viaxeiros.
- d) Si, en caso de terroristas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. É función do condutor dun vehículo de transporte de mercadorías cubrir algún tipo de documentación?

- a) Non, só debe preocuparse por que se lla facilite a súa empresa ou o cliente.
- b) Si, nalgúns casos documentos referidos ao vehículo.
- c) Si, nalgúns casos documentos referidos ao transporte realizado.
- d) As respostas B e C son correctas.

50. Cal é a finalidade da formación continua para a renovación do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)?

- a) Avanzar na formación previa á obtención do permiso de conducir.
- b) Garantir un mantemento racional nos vehículos utilizados polos condutores.
- c) Outorgar o Certificado de Aptitude Profesional (CAP).
- d) Profundar e revisar os coñecementos adquiridos coa obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial.

51. Que elementos de seguridade dos vehículos requiren a acción física do condutor?

- a) Ningún, xa que todos os elementos de seguridade activa e pasiva actúan automaticamente.
- b) Todos os elementos de seguridade, tanto activa como pasiva.
- c) Algúns elementos de seguridade activa, xa que os de seguridade pasiva actúan automaticamente.
- d) Só os elementos de seguridade pasiva, xa que os de seguridade activa actúan automaticamente.

52. Ordenar os motores de menor a maior consumo específico.

- a) Diésel de inxección directa, diésel de inxección indirecta, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.
- b) Gasolina de inxección directa, gasolina de inxección indirecta, diésel de inxección directa e diésel de inxección indirecta.
- c) Diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e gasolina de inxección indirecta.
- d) Diésel de inxección indirecta, diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.

53. Que posición corresponde aos condutores en número de accidentes mortais sufridos no conxunto de ocupacións profesionais?

- a) Cuarto.
- b) Terceiro.
- c) Segundo.
- d) Primeiro.

54. O aparello de control axuda a...

- a) coñecer as rutas.
- b) chegar antes ao destino.
- c) mellorar as condicións de traballo dos condutores.
- d) controlar o mercado laboral no sector do transporte.

55. Cantos extintores deberá levar un camión ríxido de máis de 20.000 kg de Masa Máxima Autorizada (MMA), de acordo coa Orde do 27 de xullo de 1999?

- a) Un da clase 34A/144B.
- b) Dous da clase 34A/144B.
- c) Un da clase 8A/34B.
- d) Un da clase 8A/34B e outro da clase 34A/34B.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

56. A elección da relación de marchas correcta durante a condución depende, entre outras circunstancias:

- a) das revolucións do motor.
- b) da temperatura exterior.
- c) do carburante utilizado.
- d) do que indique o manómetro.

57. Conducindo un vehículo pesado e co motor funcionando á temperatura adecuada, o consumo de carburante depende, entre outros factores:

- a) da posición de condutor.
- b) da posición do pedal do acelerador.
- c) da octanaxe do gasóleo.
- d) da variación da relación de compresión segundo as revolucións do motor.

58. Un vehículo utilizado para o transporte non comercial de axuda humanitaria está:

- a) obrigado a usar tacógrafo.
- b) obrigado a usar tacógrafo só no caso de que o destino sexa un país terceiro.
- c) obrigado a usar tacógrafo dixital.
- d) exento do uso de tacógrafo.

59. Unha situación anormal considérase emerxencia cando pode dar lugar a danos:

- a) ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.
- b) só ás persoas.
- c) só ás persoas e aos bens.
- d) só ás persoas e ao medio ambiente.

60. Cal das seguintes é a causa menos probable de accidente de traballo por incendio do vehículo?

- a) Circuitos eléctricos do vehículo en mal estado.
- b) Quecemento excesivo do motor.
- c) Fuga do combustible.
- d) Mala colocación da carga.

61. A utilización adecuada da caixa de velocidades:

- a) debe evitar as turbulencias.
- b) mellora a velocidade pero prexudica ao consumo.
- c) debe permitir que o motor vire sempre dentro da zona económica.
- d) prexudica á velocidade pero mellora o consumo.

62. A prevención de riscos laborais implica obrigacións no ámbito do transporte:

- a) só para o empresario.
- b) só para o traballador.
- c) para o empresario e dá consellos ao traballador.
- d) para o empresario e o traballador.

63. O consumo de carburante dun motor adóitase medir en...

- a) litros por hora.
- b) litros por cada 100 quilómetros percorridos.
- c) quilogramos de carburante por cada quilómetro percorrido.
- d) quilogramos de carburante por cada 100 quilómetros percorridos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

64. No transporte de mercadorías, para conducir un vehículo para o que se precise un permiso de conducir de clase C1 ou C1 E, necesítase:

- a) o certificado de aptitude profesional e o permiso de conducir correspondente.
- b) ser propietario do vehículo que se conduce.
- c) un certificado da xefatura de tráfico.
- d) só o título de capacitación.

65. Onde se aplica peor a normativa sobre prevención de riscos laborais no conxunto das empresas españolas de transporte por estrada?

- a) Nas empresas que teñen entre 1 e 5 traballadores.
- b) Nas empresas que teñen entre 6 e 15 traballadores.
- c) Nas empresas que teñen entre 16 e 49 traballadores.
- d) Nas empresas con máis de 50 traballadores.

66. Cal das seguintes enfermidades non está recoñecida como enfermidade profesional no sector do transporte?

- a) Outras enfermidades vinculadas ao transporte de produtos determinados (cloro licuado, manganeso e os seus compostos, etc.).
- b) Xordeira provocada polo ruído.
- c) Parálise facial.
- d) Parálise do nervio radial por compresión do mesmo provocada por posturas forzadas e movementos repetitivos.

67. Circulando por unha calzada nevada ou xeadada, pódese ver afectado perigosamente o control da dirección do vehículo?

- a) Si, en todo caso.
- b) Si, pero só cando o pavimento está mollado.
- c) Si, ao circular por unha banda sobre chan seco e polo outro sobre neve ou xeo.
- d) Non, en ningún caso.

68. Se a presión de inflado do pneumático é inferior á recomendada polo fabricante do vehículo:

- a) a adherencia é maior.
- b) o consumo aumenta.
- c) diminúe a deriva do pneumático.
- d) diminúe a flexibilidade lateral do pneumático.

69. Por que pode producirse a fatiga e a redución da concentración?

- a) Por durmir máis de oito horas.
- b) Por realizar os descansos regulamentarios.
- c) Por unha mala alimentación.
- d) Por non beber alcol.

70. Ao realizar unha conducción defensiva é necesario controlar o espazo...

- a) só por diante do vehículo.
- b) só por detrás do vehículo.
- c) só polos lados e por detrás do vehículo.
- d) por diante, por detrás e polos lados do vehículo.

71. Que recomendación é conveniente seguir para optimizar o consumo de carburante conducindo en pendentes ascendentes?

- a) Reducir a relación de transmisión seleccionada se fose necesario.
- b) Manter a agulla do tacómetro na parte esquerda da zona económica.
- c) Manter o pedal acelerador pouco pisado.
- d) Abrir as ventás para que circule o aire libremente.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

72. Que actuación pode formar parte dun procedemento de evacuación dun vehículo de transporte?

- a) Evacuar aos pasaxeiros mantendo a calma e a orde.
- b) Conducir aos pasaxeiros ao lugar seguro máis próximo.
- c) As respostas A e B son correctas.
- d) Sacar todas as pertenzas dos pasaxeiros para evitar problemas legais.

73. Que datos rexistra, automática ou semiautomáticamente, o tacógrafo?

- a) Distancia percorrida polo vehículo.
- b) Velocidade do vehículo.
- c) Actividade do condutor (tempo de condución).
- d) Todas as respostas son correctas.

74. Un vehículo que se dedica exclusivamente a transportar material de feira está ...

- a) exento de usar tacógrafo nos traxectos inferiores a 200 km.
- b) exento do uso do tacógrafo.
- c) obrigado a usar tacógrafo se os traxectos son superiores a 200 km.
- d) obrigado a usar tacógrafo.

75. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros:

- a) do perfil da estrada e a presión dos pneumáticos.
- b) do mantemento do vehículo e a voltaxe que forneza a batería.
- c) da posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- d) do motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.

76. Conducir de forma que se reduza a velocidade media de circulación ten como vantaxe:

- a) non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- b) un menor consumo e nivel de ruídos.
- c) aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.

77. Un mantemento regular do vehículo pode chegar a reducir o consumo?

- a) Non, só depende do carburante.
- b) Non, nunca.
- c) Só en traxectos longos.
- d) Si.

78. Para aproveitar mellor o carburante que consome o motor dun automóbil é importante coñecer as resistencias que interveñen no movemento dos vehículos. Das que se citan a continuación, cal delas intervén?

- a) A resistencia da caixa de velocidades.
- b) A resistencia aerodinámica.
- c) A resistencia do movemento dos pistons.
- d) A resistencia do cigüeñal.

79. Conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule, que vantaxes presenta?

- a) Menor consumo, contaminación ambiental e contaminación acústica.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

80. Cando deben usarse as pinzas no cinto de seguridade?

- a) Soamente poden utilizalas os transportistas.
- b) Sempre que se queira.
- c) Soamente en vías interurbanas
- d) Nunca, xa que reducen a eficacia do mesmo.

81. O ABS é un dispositivo que...

- a) evita o bloqueo das rodas ao frear o vehículo.
- b) aumenta a aceleración constantemente.
- c) evita a perda de tracción das rodas propulsoras.
- d) corrixe os efectos do subviraxe.

82. Fumar mentres se conduce un vehículo:

- a) diminúe o risco, pois nos fai estar máis espertos.
- b) aumenta o risco, pois leva a retirar unha man do volante con frecuencia.
- c) diminúe o risco, pois obriga a reducir a velocidade.
- d) é unha conduta prohibida.

83. Cando un condutor cambia de vehículo:

- a) ten que levar os discos ao novo vehículo.
- b) non ten que levar os discos se o novo vehículo leva tacógrafo dixital.
- c) non pode cambiar de vehículo.
- d) ten que levar o tacógrafo.

84. Que son as enfermidades profesionais?

- a) As contraídas como consecuencia de calquera traballo.
- b) As contraídas como consecuencia dun traballo executado nas actividades especificadas no cadro que, para ese efecto, se aprobe.
- c) As contraídas como consecuencia do exercicio dunha profesión de risco.
- d) As respostas B e C son correctas.

85. As descargas eléctricas en traballadores do sector do transporte poden vir derivadas de:

- a) conexións inadecuadas.
- b) cables e enchufes defectuosos.
- c) contacto da carga do vehículo con tendidos eléctricos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

86. Que nos indican as estatísticas sobre o número de accidentes na estrada?

- a) Aumenta o número de accidentes.
- b) Só diminúe nas zonas urbanas.
- c) Diminúe tanto en zonas urbanas como interurbanas.
- d) Aumenta só en zonas urbanas.

87. Cando gasta máis combustible un vehículo?

- a) Cando o motor dá un par baixo.
- b) Cando o motor dá o seu máximo par.
- c) Cando o motor dá unha potencia intermedia.
- d) Cando o motor dá a súa máxima potencia.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

88. Nun transporte de calidade, o coidado de que elementos tanxibles é máis importante?

- a) O dos vehículos.
- b) O do uniforme dos condutores.
- c) O da iluminación da adegala do vehículo.
- d) O do lubricante utilizado nos vehículos.

89. É importante, respecto da freada nun vehículo cisterna, ter en conta que...

- a) non deben usarse os ralentizadores.
- b) debe minimizarse o uso do freo de servizo.
- c) poden producirse desprazamentos de líquidos no seu interior.
- d) debe restrinxirse o uso dos retardadores.

90. Ao accionar o ralentizador, vense freadas...

- a) todas as rodas.
- b) sempre as rodas dianteiras.
- c) sempre as rodas directrices.
- d) só as rodas motrices.

91. Cal dos accidentes de traballo do sector transportes ten as baixas laborais de maior duración?

- a) Os accidentes por intoxicación.
- b) Os accidentes de rozaduras.
- c) Os accidentes de contusións.
- d) Os accidentes con forma non traumática.

92. Que dato ten influencia no consumo de carburante?

- a) A presión do sistema pneumático de freos.
- b) O nivel de carga da batería.
- c) O número de revolucións do motor.
- d) O tipo de pneumático montado: con cámara ou sen cámara.

93. Un motor consumirá menos combustible se se circula...

- a) con marchas longas e o motor pouco revolucionado.
- b) con marchas longas e o motor revolucionado.
- c) con marchas curtas e o motor revolucionado.
- d) a altas velocidades.

94. Circulando cun automóbil cunha determinada relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades, o consumo de carburante será maior...

- a) canto menor sexa a velocidade á que se circule.
- b) canto maior sexa a velocidade á que se circule.
- c) canto menos cargado circule o vehículo.
- d) canto menor sexa o seu coeficiente aerodinámico.

95. Onde se solicitan as tarxetas de tacógrafo de condutor?

- a) No Ministerio de Transportes.
- b) Na oficina de transporte da Comunidade Autónoma onde teña a súa residencia o condutor.
- c) Na Xefatura Provincial de Tráfico correspondente ao domicilio do condutor.
- d) Na Subdelegación do Goberno correspondente á residencia do condutor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

96. Dos elementos técnicos que se citan, cales reforzan a seguridade na condución?

- a) As pantallas panorámicas dos monitores.
- b) Os sistemas que evitan o cansazo ou a somnolencia no condutor.
- c) Os sistemas electrónicos de visión nocturna.
- d) Os sensores de ultrasóns que detectan a presenza doutros usuarios na vía.

97. Os pneumáticos, poden influír no consumo de carburante dun automóbil?

- a) Si, porque cos pneumáticos con cámara o consumo é maior.
- b) Si, porque cos pneumáticos sen cámara o consumo é maior.
- c) Non, os pneumáticos só inflúen na seguridade.
- d) Si, xa que se a presión de inflado é baixa aumenta o consumo de carburante.

98. O condutor dun vehículo pesado, ten a posibilidade de reducir o consumo de carburante do seu vehículo?

- a) Si, por exemplo, realizando unha condución económica.
- b) Si, por exemplo, reducindo a presión de inflado das rodas dianteiras.
- c) Non, porque o consumo de carburante é un dato invariable e que depende unicamente do par motor subministrado.
- d) Non, porque o consumo é un dato característico invariable de cada motor.

99. Que vantaxe posúen os motores que montan catro válvulas por cilindro respecto dos que montan soamente dous?

- a) Un mellor enchido e baleirado do cilindro.
- b) Unha maior cilindrada.
- c) Un menor custo económico.
- d) Un maior consumo.

100. Que tipo de condutores teñen unha taxa de sinistralidade máis alta?

- a) Os mozos e os que realizan traxectos nacionais.
- b) Os condutores de maior experiencia e traxectos nacionais.
- c) Os mozos e traxectos provinciais.
- d) Os mozos e os que realizan traxectos internacionais.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Nunha vía circular ou glorieta situada dentro de poboado con máis dun carril reservado para o mesmo sentido da marcha, por onde se deberá circular cun vehículo automóbil?

- a) Polo carril da dereita, en todo caso.
- b) Polo carril da esquerda, en todo caso.
- c) Polo carril central, en todo caso.
- d) Polo que mellor conveña ao seu destino, sempre que non sexa obstáculo á circulación dos demais vehículos.

102. Das seguintes indicacións, cal é incorrecta para seleccionar unha relación de marchas máis alta?

- a) Mirar no manual o rango óptimo de operación, segundo as revolucións do motor.
- b) A experiencia na condución.
- c) Pisar o pedal do freo.
- d) Observar a velocidade do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

103. A responsabilidade dun condutor por colaborar na introdución en España de produtos prohibidos, utilizando o vehículo que ten ao seu cargo:

- a) determínase aplicando a lexislación en materia de contrabando.
- b) determínase aplicando a lexislación fiscal.
- c) determínase aplicando a lexislación mercantil.
- d) determínase aplicando a lexislación de ordenación do transporte terrestre.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Viajeros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 03-10-2022 16:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

103. La responsabilidad de un conductor por colaborar en la introducción en España de productos prohibidos, utilizando el vehículo que tiene a su cargo:

a) se determina aplicando la legislación en materia de contrabando.
b) se determina aplicando la legislación fiscal.
c) se determina aplicando la legislación mercantil.
d) se determina aplicando la legislación de ordenación del transporte terrestre.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 03-10-2022 16:30 h

Examen: Viajeros Modelo B

Lugar: RUA DE MADRID, 2

Duración: 120 MINUTOS

96. De los elementos técnicos que se citan, ¿cuáles refuerzan la seguridad en la conducción?

a) Las pantallas panorámicas de los monitores.
b) Los sistemas que evitan el cansancio o la somnolencia en el conductor.
c) Los sistemas electrónicos de visión nocturna.
d) Los sensores de ultrasonidos que detectan la presencia de otros usuarios en la vía.

97. Los neumáticos, ¿pueden influir en el consumo de carburante de un automóvil?

a) Sí, porque con los neumáticos con cámara el consumo es mayor.
b) Sí, porque con los neumáticos sin cámara el consumo es mayor.
c) No, los neumáticos sólo influyen en la seguridad.
d) Sí, ya que si la presión de inflado es baja aumenta el consumo de carburante.

98. El conductor de un vehículo pesado, ¿tiene la posibilidad de reducir el consumo de carburante de su vehículo?

a) Sí, por ejemplo, realizando una conducción económica.
b) Sí, por ejemplo, reduciendo la presión de inflado de las ruedas delanteras.
c) No, porque el consumo de carburante es un dato invariable y que depende únicamente del par motor suministrado.
d) No, porque el consumo es un dato característico invariable de cada motor.

99. ¿Qué ventaja poseen los motores que montan cuatro válvulas por cilindro respecto de los que montan solamente dos?

a) Un mejor llenado y vaciado del cilindro.
b) Una mayor cilindrada.
c) Un menor coste económico.
d) Un mayor consumo.

100. ¿Qué tipo de conductores tienen una tasa de siniestralidad más alta?

a) Los jóvenes y los que realizan trayectos nacionales.
b) Los conductores de mayor experiencia y trayectos nacionales.
c) Los jóvenes y trayectos provinciales.
d) Los jóvenes y los que realizan trayectos internacionales.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

